

A DOAZÓN DO CORPO

Doar o corpo para a investigación e a docencia non é só un acto de xenerosidade e altruísmo, senón tamén unha valiosa contribución ao avance da ciencia e á formación dos profesionais da saúde.

O significado e a transcendencia deste xesto poden resumirse nunha soa frase, que expresa a razón de ser do noso Servizo de Doazón de Corpos:

A MORTE AO SERVIZO DA VIDA

SOLICITUDE E PROCEDEMENTO

As persoas interesadas na doazón do corpo poden poñerse en contacto coa secretaría do Servizo.

Enviaráselles a información e o formulario de solicitude por correo postal, electrónico ou entregáremoslla de maneira presencial na secretaría.

Posteriormente, deberán entregar ou enviar por correo postal o documento orixinal a:

SERVIZO DE DOAZÓN DE CORPOS
Departamento de Ciencias Morfolóxicas
Facultade de Medicina
Rúa San Francisco, s/n
15782 Santiago de Compostela



Monumento na honra aos doantes nos xardíns da Facultade

De estar asinado por medio de sinaturas electrónicas pode envialo ao correo electrónico servizo.dcd@usc.es

Recibida a solicitude debidamente cumprimentada remitirémolle o **carne de doante**.

Para ser doante é preciso ser **maior de idade e estar en pleno uso das súas facultades mentais**. Así mesmo, teñen que asinar a solicitude **dúas testemuñas**, tamén maiores de idade e en pleno uso das súas facultades mentais. Deben achegar fotocopia dos seus DNI.

O doante debe ter en conta que a **familia ou persoas máis achegadas** son os principais colaboradores, polo tanto deben coñecer os desexos do doante e encargarse de comunicar o falecemento. Tamén deberá estar **informado da doazón o centro hospitalario**, no caso de hospitalización do doante, ou incluír esta doazón no [Documento de Instrucións Previas](#).

As **cinzas**, trala incineración dos restos non serán devoltas.

Pode deixar de ser doante en calquera momento enviando a súa **renuncia** por correo postal ou por correo electrónico

Non é posible facer efectiva a doazón cando no momento do falecemento concorre algunha das seguintes **INCOMPATIBILIDADES**:

1. No caso de intervención xudicial ou forense.
2. Ter feridas ou cirurxía recentes non cicatrizadas, ou de terse practicado unha autopsia ou doazón de órganos (excepto de corneas).
3. Se hai queimaduras extensas, gangrena, úlceras cutáneas ou mucosas.
4. No caso de enfermidades infecto-contaxiosa (hepatite, SIDA, tifus, Shock séptico, encefalite esponxiforme), de contaminación por produtos radioactivos ou no caso de quimioterapia.
5. Obesidade ou caquexia extrema (corpos excesivamente grosos ou delgados).
6. Naqueles casos nos que non se puidese asegurar unha aplicación correcta das técnicas de conservación, ou transcorridas 24 horas dende o falecemento.
7. Naqueles casos nos que, a xuízo do responsable do Servizo de Doazón, non se puidera garantir unha correcta preparación e conservación.
8. Cando o falecemento se produza fora de Galicia.

Nos casos en que o falecemento se produza en períodos vacacionais ou non lectivos e/ou fóra do horario académico, procurarase aceptar a doazón; sen embargo, non sempre se poderá garantir a súa recepción

Unha vez certificada a defunción, debe avisarse á **Funeraria Apóstol** (colaboradora da USC) no teléfono **981 580 669**, dispoñible as 24 horas do día durante todo o ano. Desde a funeraria contactarán co Servizo de Doazóns para comprobar se é posible facer efectiva a doazón, previa consulta cos médicos correspondentes sobre as circunstancias do falecemento. Ao realizar a doazón, autorízase o acceso ao historial clínico da persoa doante para estes efectos.

No caso de aceptación da doazón, os nosos servizos encárganse do traslado do falecido. Este servizo é totalmente **gratuito**.

De ocorrer o falecemento **fora de Galicia** avisen á Facultade de Medicina máis próxima.

Existen Facultades de Medicina en: Alcalá de Henares, Alicante, Barcelona, Cádiz, Córdoba, Badajoz, Granada, La Laguna, Las Palmas de Gran Canaria, Lleida, Madrid, Málaga, Murcia, Navarra, Oviedo, Vizcaia, Tarragona, Salamanca, Santander, Santiago de Compostela, Sevilla, Valencia, Valladolid, Zaragoza.

No momento da recepción do corpo, a Funeraria entregará a seguinte **documentación do doante** no Servizo de Doazóns:

1. Certificado médico da defunción.
2. Fotocopia do DNI do Doante
3. Licenza para dar sepultura do Rexistro Civil.

O Departamento emite certificación para o Rexistro Civil conforme o corpo foi recollido pola Facultade de Medicina.

Rematado o período de utilización do corpo, este será **incinerado** e repousará no cemiterio municipal de Boisaca, en Santiago de Compostela.